XUNTA DE GALICIA

RECIBO DE PRESENTACIÓN EN EL REGISTRO ELECTRÓNICO DE LA XUNTA DE GALICIA

La solicitud, escrito o comunicación para Solicitud electrónica genérica presentada por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA con NIF [redacted] tuvo entrada en el Registro Electrónico de la Xunta de Galicia con los siguientes datos:

NÚMERO DE ENTRADA	FECHA Y HORA DE LA PRESENTACIÓN	DESTINO
2026/3045689	**22-10-2026 12:48**	**DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA**

La siguiente tabla incluye un resumen electrónico de la solicitud, escrito o comunicación presentada y, en su caso, un índice y un resumen electrónico de la documentación que se declara presentar:

Documento presentado	Nombre del archivo	Resumen electrónico del archivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitud	Solicitud-PR004A-20261022.pdf	85C8AFE5E1B2116E4179F96108C80591D07F9A06E16994EB86207AB4E08EF14D
Deficiencias infraestructura e outros Sala autopsias P	DEN.SALA AUTOPSIAS PONTEVEDRA.pdf	6A400AF4A152AF5C798A0EA079682B9AE63A5CF5A202ED9A0264E1C2BB0296CC

Firmado por REGISTRO ELECTRÓNICO DE LA XUNTA DE GALICIA
Fecha y hora: 22-10-2026 12:48
CVE: [redacted]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Confederación Intersindical Galega

DIRECCIÓN XERAL XUSTIZA
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar – Pol.Fontiñas
15781 Santiago de Compostela

Á atención do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Administración de Xustiza e do servizo competente en materia de medios materiais e infraestruturas xudiciais.

ASUNTO: DENUNCIA SINDICAL POLAS DEFICIENCIAS DA SALA DE AUTOPSIAS DO HOSPITAL PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. SOLICITUDE DE MEDIDAS PREVENTIVAS URXENTES E GARANTÍA DE CONDICIÓNS ADECUADAS MENTRES SE MANTEÑAN AS INSTALACIÓNS EN USO.

Josefa Iglesias de la Campa, como delegada de prevención de riscos laboráis da central sindical CIG, no exercicio das funcións de representación e defensa dos dereitos das persoas traballadoras en materia de seguridade e saúde laboral,

EXPÓN

PRIMEIRO. Un problema antigo que continúa sen solución definitiva.

Esta representación sindical denuncia as deficiencias existentes na sala de autopsias do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), situada no Hospital Provincial de Pontevedra, cuxas condicións suscitan unha seria preocupación tanto pola seguridade e saúde do persoal que desenvolve alí o seu traballo como pola protección das persoas usuarias e do resto das persoas que transitan polo centro hospitalario.

SEGUNDO. Posible traslado ao novo Hospital de Montecelo.

Esta representación sindical ten coñecemento de comentarios e informacións non oficiais sobre un posible traslado da actividade da sala de autopsias ao novo Hospital de Montecelo. Porén, non consta que esta decisión estea formalmente aprobada nin que exista un calendario oficial para a súa execución.

Por este motivo, solicítase á Dirección Xeral de Xustiza que aclare se existe un proxecto ou unha decisión formal de traslado, cal sería a súa planificación e en que prazo se prevé que poida materializarse.

En todo caso, a eventualidade dun futuro traslado non pode xustificar que se manteñan as instalacións actuais en condicións deficientes mentres continúen en funcionamento. Ata que se produza o traslado efectivo e cesen as actividades na sala actual, deben garantirse unhas condicións adecuadas de seguridade,

Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.10.22 12:42:04 +02'00'

saúde laboral, hixiene e protección das persoas traballadoras e usuarias do hospital.

Non sería admisible aprazar a adopción de medidas preventivas necesarias coa expectativa dun traslado futuro cuxa aprobación e calendario non están confirmados. A protección da saúde das persoas traballadoras e a seguridade dos espazos hospitalarios deben quedar garantidas durante todo o período de utilización das instalacións.

TERCEIRO. Deficiencias preventivas e condicións inadecuadas das instalacións.

Entre as deficiencias que cómpre avaliar e corrixir destacan as seguintes:

- Ventilación e extracción insuficientes, así como a existencia dunha ventá corredeira próxima á zona onde se realizan as autopsias, que comunica co exterior e require avaliar os fluxos de aire e a posible dispersión de contaminantes.
- Resultados das medicións estáticas realizadas o 27 de xaneiro de 2026, que confirmaron a presenza e acumulación de vapores de formaldehido na estancia durante a manipulación e o corte dos tecidos. Esta circunstancia fai necesario revisar prioritariamente a extracción localizada e a renovación do aire, así como avaliar a exposición real do persoal.
- Medidas correctoras pendentes sinaladas nos informes dos técnicos de prevención relativas á mesa de autopsias, ao lavaollos de emerxencia, á utilización e almacenamento de produtos químicos, á sinalización das substancias tóxicas e inflamables e á instalación eléctrica.
- Necesidade de dispoñer dun sistema de extracción eficaz, con filtración e evacuación adecuadas, e de avaliar a implantación dunha presión negativa respecto das áreas adxacentes cando resulte tecnicamente necesaria.
- Falta dun espazo axeitado para almacenar os equipos de protección individual e necesidade de delimitar e sinalizar correctamente as zonas de risco.
- Deficiencias na sinalización dos accesos e das zonas onde se almacenan produtos químicos, así como necesidade de garantir que as persoas usuarias do hospital e o persoal alleo á actividade médico-forense non accedan accidentalmente a zonas de risco.
- Risco de atrapamento das mans durante o uso do carro hidráulico nas operacións coas neveiras, que fai necesaria a adaptación dos equipos para garantir a seguridade das manobras.
- Deficiencias no pavimento, nas paredes e no teito, así como falta de información sobre o destino dos líquidos e residuos xerados. Debe comprobarse a adecuación do desaugadoiro, do sumidoiro e do sistema de evacuación dos líquidos producidos durante as autopsias, a limpeza e a desinfección.

O conxunto destas deficiencias require unha actuación integral e coordinada, que non pode limitarse a reparacións puntuais nin á elaboración de novos

Confederación Intersindical Galega CIG XUSTIZA
Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.10.22 12:42:29 +02'00'

informes sen a execución efectiva das medidas preventivas necesarias expostas nos mesmos.

CUARTO. Necesidade de actuación inmediata, independentemente do futuro das instalacións.

Aínda que finalmente se aprobase o traslado da sala de autopsias ao novo Hospital de Montecelo, esta circunstancia non eximiría os organismos responsables da obriga de manter as instalacións actuais en condicións adecuadas mentres sigan utilizándose.

A existencia de deficiencias en materia de ventilación, sinalización, exposición a axentes químicos e seguridade dos equipamentos pode afectar tanto ao persoal médico-forense e ao resto de profesionais como ás persoas usuarias e ao persoal do propio hospital.

Por iso, resulta imprescindible que se adopten as medidas correctoras necesarias sen agardar a unha eventual mudanza, priorizando aquelas actuacións que permitan eliminar ou reducir os riscos existentes e garantir a protección de todas as persoas que poidan verse afectadas.

POR TODO O EXPOSTO, SOLICITA

1. Que se realice unha inspección integral e urxente da sala de autopsias por parte do Servizo de Prevención de Riscos Laborais e dos servizos técnicos competentes en materia de infraestruturas.
2. Que se revisen os informes preventivos existentes e se executen todas as medidas correctoras pendentes, establecendo prazos concretos e identificando os órganos responsables.
3. Que se revise prioritariamente o risco de exposición ao formaldehido, se comprobe a eficacia dos sistemas de extracción localizada e renovación do aire e se adopten as medidas preventivas necesarias para eliminar ou reducir a exposición do persoal.
4. Que se adopten as medidas necesarias para garantir a ventilación, a sinalización, a seguridade dos equipamentos, o almacenamento dos produtos químicos e a protección das persoas traballadoras e usuarias do hospital mentres a sala continúe en funcionamento.
5. Que se aclare oficialmente se existe unha decisión aprobada de trasladar a sala de autopsias ao novo Hospital de Montecelo, así como o estado de tramitación do proxecto e o calendario previsto, de existir.
6. Que se determine a titularidade do inmoble e as responsabilidades de cada organismo, establecendo unha coordinación efectiva entre a Dirección Xeral de Xustiza e o SERGAS para garantir a adopción e execución das medidas necesarias.
7. Que se investiguen os antecedentes das obras de adecuación que, segundo a información dispoñible, estaban previstas e dotadas orzamentariamente, pero non chegaron a executarse, aclarando os motivos polos que quedaron sen efecto.
8. Que se avalíe a necesidade dunha rehabilitación das instalacións actuais e se adopten as medidas que correspondan, sen que un posible traslado

Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.10.22 12:42:53 +02'00'

futuro poida utilizarse como xustificación para manter as deficiencias existentes.

9. Que se adopten de inmediato as medidas preventivas provisionais que resulten necesarias se se identifican riscos que requiran actuación urxente, sen agardar á execución das obras definitivas nin a un eventual traslado.
10. Que se facilite resposta expresa e por escrito a esta representación sindical sobre as actuacións realizadas, as medidas previstas, os prazos de execución e os órganos responsables.

CONSIDERACIÓN FINAL

Esta representación sindical considera inaceptable que unha problemática coñecida desde hai anos continúe sen unha solución definitiva. O persoal médico-forense ten dereito a desenvolver o seu traballo en instalacións adecuadas e seguras, e as persoas usuarias e o persoal do hospital tamén teñen dereito a que se garanta a súa protección.

Se existe un proxecto de traslado ao novo Hospital de Montecelo, debe aclararse oficialmente e concretarse a súa planificación. Pero, mentres non se faga efectivo, a Administración non pode desentenderse das condicións da sala actual nin adiar as medidas preventivas necesarias.

Non abonda con recoñecer as deficiencias nin con elaborar informes técnicos: é imprescindible executar as medidas correctoras, dotar os recursos necesarios e asumir as responsabilidades que correspondan.

Por todo iso, esiximos á Dirección Xeral de Xustiza que actúe con carácter prioritario e impulse, en coordinación co SERGAS, unha solución efectiva que garanta a seguridade e a saúde das persoas traballadoras e a protección das persoas usuarias do Hospital Provincial de Pontevedra.

Confederación Intersindical CIG XUSTIZA

Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.10.22 12:43:14 +02'00'